
INVENTANDO NÚMEROS

Texto de GIANNI RODARI

Ilustracións de ALESSANDRO SANNA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 22 x 30 cm. 32 páx. 16 €.

[Inventando números](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-631-0. Tras os montes.

[Inventando números](#) (castelán)

ISBN 978-84-96388-61-1. Clásicos contemporáneos.

[Inventem els números](#) (catalán)

ISBN 978-84-16804-37-5. Clásics contemporanis.

[Zenbakiak asmatzen](#) (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-012-6. Gaur egungo klasikoak.

[Inventando números](#) (portugués)

ISBN 978-989-749-095-8. Clásicos contemporáneos.

–INVENTAMOS NÚMEROS?

–VALE! COMEZO EU.

CASE UN, CASE DOUS,

CASE TRES, CASE CATRO,


CASE CINCO, CASE SEIS...

Este maxistral relato é un dos «Contos por teléfono» de Gianni Rodari, gran renovador da literatura infantil e da pedagogía.

Fiel á promesa de contarlle cada noite un conto á súa filla malia a distancia que os separa, o señor Bianchi chámama e tan deliciosas son as historias que as operadoras paralizan as liñas para oílo.

No diálogo-xogo xorden preguntas tan verosímiles como a lonxitude entre dous puntos, e outras tan sorprendentes e surrealistas como canto pesa unha bágoa ou canto mide un conto. As respostas rebordan enxeño, imaxinación e creatividade, cualidades de Rodari que tamén están presentes en «Confundindo historias» e que son ingredientes indispensables no crecemento dos primeiros lectores.

«Inventando números» tamén adquire autonomía propia como álbum coas orixinais ilustracións de Alessandro Sanna, cheas de colorido e pinceladas que xogan a crear formas coas cifras.



■ **Temática:** números, valores, medidas.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** formato dialogado; para aprender os números, contar, alterar e mesturar palabras para crear unha nova linguaxe; creatividade, imaxinación; do autor e do ilustrador de «[Confundindo historias](#)»; do autor de «[Contos por teléfono](#)» e «[Gramática da fantasía](#)» (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/inventando_numeros_g

Gianni Rodari

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Político, xornalista, pedagogo e escritor. Recibiu o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Vencellado ao Partido Comunista Italiano, colaborou con periódicos como L'Ordine Nuovo e L'Unitá, onde desenvolveu a súa paixón pola literatura infantil. Baseou na realidade obras como «O planeta das árbores», pero o humor e o éxito chegaron con «Contos longos coma un sorriso», «As aventuras de Cipollino» ou «O libro das retahílas». «Contos á máquina», «Contos por teléfono» e «Contos para xogar» son outras das súas obras mestras, pensadas para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade pode xerar boas historias e permitirle ao lector escoller o final do conto. A partir das súas visitas a escolas e do traballo cos nenos escribiu «Gramática da fantasía» (1973), a súa grande achega á pedagogía contemporánea, coa que transmitiu a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.

<http://www.giannirodari.it>

Alessandro Sanna

(Nogara, Italia, 1975)

Pintor e ilustrador. Graduado en Arte Aplicada polo Instituto de Arte de Castelmasa (Roma), ampliou a súa formación no Instituto Palladio de Verona. Actualmente é profesor de ilustración na Facultade de Belas Artes de Boloña. Dedicase a ilustrar libros infantís e xuvenís dende 1996; participou en diversas exposicións de pintura. Gañou a Mención Especial en 1999 e 2001 no Concurso Internacional de Ilustración Cidade de Chioggia. Foi finalista do Premio Hans Christian Andersen 2016.

<http://www.alessandrosanna.com>

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
